




barafunda




*“O amor vence todo;
rindámonos nós tamén
ao amor”*

-VIRGILIO

QUE PASARÍA SE UN EXERCITO ABANDONARA AS ARMAS E SE DEDICASE A REPARTIR AMOR ?

Este pasarrúas propón partir do imaxinario militar para subvertelo e transformalo nunha **celebración do amor** entendido **en todas as súas formas**: amor cara aos demais, cara á comunidade, cara á vida e cara a un mundo en paz.



[*Ver teaser do espectáculo*](#)

A NOSA MISIÓN

Un enorme e inofensivo **tanque de globos**, enche as rúas de cor acompañado por un pelotón de curiosos soldadiños de xoguete.



Levan os seus **cascos azuis** e marchan en formación. Todo parece indicar que estamos ante unha pequena invasión... Pero axiña descubriremos que a súa misión non ten nada que ver con conquistar territorios.

Isto é unha **reivindicación dende o humor**, a festa e a participación, que propón substituír a violencia polo coidado, o enfrontamento polo encontro e a guerra polo amor.



NINGUÉN QUEDA ATRÁS



O espectáculo está pensado para conectar con **todos os públicos**, polo que non fai falta ter unha idade determinada para formar parte desta tropa: **cada persoa atopa a súa maneira de participar**, sorprenderse e pasalo ben.

Despois de todo... Quen pode resistirse a un **canón de confeti**?





A **interacción directa co público** é un dos
piares fundamentais da proposta. Os soldados
non se limitan a percorrer as rúas: **interpelan,**
provocan, xogan e invitan a participar.

O espectáculo busca crear así unha
experiencia colectiva e compartida, na que
a rúa se converte nun **espazo de encontro.**



Porque falar de **amor**, paz e comunidade tamén significa
atoparnos, participar e **facer algo xuntos.**

AS RÚAS SON NOSAS



Este espectáculo é **itinerante**.

Está pensado para percorrer o espazo urbano, dialogando co mesmo e facendo do **desprazamento** unha **parte esencial da experiencia**.



O NOSO PELOTÓN



TIPO	VOCEIRA
HABILIDADE	• Festa - 8 • Sociabilidade - 10 • Rebeldía - 7
EQUIPAMENTO	Megáfono

B
E
R
R
I



TIPO	AUGADOR
HABILIDADE	• Festa - 8 • Sociabilidade - 7 • Rebeldía - 10
EQUIPAMENTO	Pistola de auga

P
I
N
G
A
S



TIPO	AVISTADORA
HABILIDADE	• Festa - 7 • Sociabilidade - 9 • Rebeldía - 8
EQUIPAMENTO	Prismáticos

R
A
D
A
R



TIPO	TROMPETEIRA
HABILIDADE	• Festa - 10 • Sociabilidade - 7 • Rebeldía - 9
EQUIPAMENTO	Trompeta desafinada

F
A
R
R
A



TIPO	FLORISTA
HABILIDADE	• Festa - 8 • Sociabilidade - 9 • Rebeldía - 7
EQUIPAMENTO	Fusil cun caravel

G
R
E
L
O



TIPO	ZANCUDO
HABILIDADE	• Festa - 9 • Sociabilidade - 8 • Rebeldía - 7
EQUIPAMENTO	Tanque e confeti

R
O
D
A
S



TIPO	EXPLOSIVA
HABILIDADE	• Festa - 10 • Sociabilidade - 9 • Rebeldía - 8
EQUIPAMENTO	Disparador de corazóns

C
H
I
S
P
A

INFORMACIÓN TÉCNICA



A FIGURA DO TANQUE

- Créase en exclusiva para cada espectáculo, polo que cada actuación é **única**
- Constrúese con máis de 3.000 globos de látex 100 % natural, **biodegradables** e certificados
- Móntase sobre unha **estrutura de ferro** con rodas que permite o seu desprazamento durante o percorrido
- Desprázase empurrada por 4 soldados

MEDIDAS

- Ancho: 4 m
- Longo: 7 m
- Alto: 3'5 m

EQUIPAMENTO

- Canón de confeti
- Equipo de música




TEMPO DE MONTAXE:
6 horas

NECESIDADES TÉCNICAS DE MONTAXE:

- Espazo cuberto de 10x10x4m
- Toma de corrente 220v 16A

GALERÍA DE IMAXES





www.barafunda.es



Ao contratar a Barafunda, contratas unha empresa con anos de experiencia detrás, que aposta firmemente pola produción cultural galega propia e que conta cun equipo amplamente cualificado e preparado para garantir unha experiencia única e inesquecible.

**Moitas grazas por confiar
en nós!**



Barafunda